

OBSERVACIÓN Y DISECCIÓN DUN MEXILLÓN

OBXETIVOS

- Observar a anatomía interna e externa dun invertebrado.

MATERIAIS

Mexillón. Pinzas. Microscopio. Tesoiras.

FUNDAMENTO TEÓRICO


El mexillón (*Mytilus edulis*) é un molusco bivalvo abundante nas costas rochosas e cultivado para o consumo humano. Alimentase, como o resto dos bivalvos, por filtración de partículas de pequeno tamaño que se encontran na auga mariña, proceso no que participan as branquias en forma de láminas, por iso o seu segundo nome: Lamelibranquios

Para protexer o corpo brando ten dúas pezas calcáreas protectoras chamadas valvas que se articulan entre elas permitindo a abertura para a alimentación e o peche para protexerse de depredadores ou da desecación en marea baixa. No mecanismo de abertura e peche das valvas interveñen a charnela e os músculos aductores.



Para fixarse no litoral exposto ás olas, onde habita, posúe unha glándula produtora de filamentos (biso) cos que se adhíren fortemente ás rochas.

PROCEDIMIENTO

1. Observa o exterior da cuncha: a súa forma, o número de valvas, identifica a valva dereita e esquerda, borde ventral e borde dorsal, as estrías de crecemento. Localiza tamén o ápice (umbo) e a charnela (bisagra de unión das valvas) e o biso.




2. No interior da cuncha identifica a charnela (ligamento), as impresiones dos músculos aductor anterior e aductor posterior, os músculos retractores do pé e a impresión paleal (borde del manto).



3 Deposita lateralmente o mexillón sobre a bandexa de disección e observa o manto (replegue caroso exterior), os músculos aductores anterior e posterior, o biso, a cavidade paleal e o hepatopáncreas de cor verdoso.

4. Estende o borde do manto e localiza a boca, as branquias laminares (4), e o pé, a glándula do biso cos filamentos que segrega e que lle serven para adherirse ás rochas e a xoroba depolichinela (replegue amarelo) que contén os órganos reprodutores.




5. Cun mexillón sen cocer vamos a realizar unha preparación microscópica das branquias para observar o epitelio ciliado que recubre cada unha das laminillas. Coa axuda dunhas pinzas arranca un pequeno anaco de branquias e deposítalo sobre un portaobxectos no tes unha gota de auga do interior do mexillón.

RESULTADOS

- Debuxa aquí viches

☐ Anota se na preparación observas algún fenómeno que te chame a atención e para qué serve



CUESTIÓNNS

1. Anota os materiais que usaches durante a práctica.
2. No exterior da cuncha aparecen ás veces formacións ou avultamentos de color branco e de forma alongada ou cónica. Qué son estes avultamentos e qué relación teñen co mexillón.
3. O manto presentase de cor laranxa vivo nos mexillóns femias e de cor amarelo pálido se é macho. ¿De qué sexo é o que observaches?
4. ¿Cómo respiran os mexillóns? ¿Cántas láminas branquiais observas?
5. ¿Cómo cres que respiran cando quedan sen auga ao baixar a marea?
6. ¿Qué finalidade ten o biso?